CARTA POLA DEMOCRACIA 2.0

Esta Carta nace dun profundo malestar: ausencia de futuro, desemprego masivo, recortes en dereitos e prestacións, desafiuzamentos, corrupción política e financeira, desmantelamento dos servizos públicos,... A súa redacción é o resultado da crecente falta de confianza dunha maioría da sociedade respecto ás promesas dun sistema político carente de lexitimidade e de capacidade de escoita.

O bipartidismo, a corrupción xeneralizada e a ditadura financeira imposta por medio das políticas de austeridade e a destrución dos bens públicos, asestaron o golpe definitivo a unha democracia que viña padecendo os seus propios límites. Uns límites que se encontran xa na Constitución de 1978, e que se poden sintetizar nun marco político que non protexe á sociedade da concentración de poder en mans dos grupos financeiros nin da consolidación dunha clase política non representativa. O devandito marco político instaurou un sistema pouco aberto á participación cidadá e sen capacidade para construír un novo sistema de dereitos colectivos para a nosa protección e desenvolvemento en común, como evidencia o feito de que a pesar das importantes mobilizacións que se sucederon, as esixencias sostidas pola inmensa maioría da poboación foron reiteradamente desoídas.

Ante este bloqueo institucional, ante a crecente separación entre gobernantes e gobernados, parece pois que só cabe unha saída: unha profunda ampliación da democracia baseada no control cidadán sobre o poder político e económico. Certamente, na medida en que o que queda de democracia é cada vez menor e que os intentos de reforma interna só poden rematar na repetición dos mesmos vicios, é necesario apostar por un cambio das regras do xogo: un cambio democrático orientado a devolver á sociedade a capacidade efectiva de decisión sobre todo aquilo que lle concirne.

As alternativas á democracia actual non son o caos ou a ditadura. É posible unha democracia feita entre todas as persoas, unha democracia non reducida ao mero voto electoral, unha democracia fundada na participación, o control cidadán e a igualdade de dereitos.

Esta Carta nace co desexo de contribuír a este proceso de democratización. E neste sentido faino dende a alegría, dende a potencia da mobilización cidadá, dende a política que se vive fóra dos partidos políticos, a que fala en primeira persoa do plural e trata de construír, para todo o mundo, unha vida que pague a pena ser vivida. Sen dúbida o seu presuposto é o da mesma democracia: a xente, as persoas, teñen capacidade para inventar outras formas de gobernarse a si mesmas e vivir en común. Este texto nace coa certeza de que as loitas de hoxe son a base da democracia que está por chegar.

En tanto proposta pola democratización, esta Carta preséntase como un texto inacabado, aberto á súa construción permanente e á participación de calquera. Esta Carta non quere ser un programa político nin un catálogo exhaustivo de dereitos, ao igual que tampouco se pretende como un modelo de Estado rematado. Simplemente apunta os elementos básicos que, nunha aposta pola democratización, resultan necesarios para reconstruír un novo modelo institucional aberto aos desexos colectivos, as propostas e a capacidade de autogoberno que dende hai tempo son expresados nas rúas, as prazas e as redes. Dende esta perspectiva, importa tanto o proceso, que se quere participativo e deliberativo, como os contidos, que han de ser un reflexo tanto máis fiel que sexa posible das apostas e aspiracións da cidadanía.

En definitiva, esta Carta proponse abrir un novo proceso de discusión que culmine nunha reordenación política e económica dirixida a garantir a vida, a dignidade e a democracia. Preséntase

como contribución á constitución dun novo acordo social, dun proceso de refundación democrática no que as persoas, os e as calquera, sexamos os verdadeiros protagonistas.

É o momento da apropiación das institucións e os recursos públicos por parte dacidadanía, co fin de garantir a súa defensa, o seu control e a súa xusta distribución.

Das prazas e as redes aprendemos algo simple e definitivo, que cambia para sempre a nosa forma de estar no mundo.

Aprendemos que si se pode.

DEREITOS E GARANTÍAS

Unha democracia digna de tal nome esixe o recoñecemento universal dunha ampla constelación de dereitos relativos a todos os ámbitos da vida pública e da reprodución social. Nas últimas décadas, o retroceso no acceso ás prestacións e os servizos sociais, o espolio operado pola ditadura financeira e o desmantelamento dos sistemas públicos impulsado polas políticas de austeridade, remataron por minguar sensiblemente as posibilidades de exercicio efectivo dos devanditos dereitos.

Do mesmo modo, o acceso a moitos destes dereitos está condicionado pola nacionalidade e pola tenza dun emprego, o cal rematou por xerar unha importante exclusión. Ademais, o carácter subordinado dos dereitos sociais na actual Constitución non permitiu un desenvolvemento suficiente nalgunhas cuestións fundamentais como a vivenda, o emprego ou a renda.

En definitiva, tanto os límites propios do ordenamento actual coma a impotencia do réxime político español na protección dos dereitos máis elementais, son motivo dabondo para a creación dun novo sistema institucional de dereitos e garantías que permitan o coidado, o desenvolvemento das nosas vidas e o acceso á vida política.

Esta Carta propón unhas bases comúns para a definición dun novo sistema de dereitos. Tales dereitos xorden hoxe das demandas e loitas da propia sociedade, a través das súas múltiples formas de organización e participación, e son a mellor expresión do exercicio da democracia.

Estes dereitos redefinen as relacións sociais, a produción e distribución da riqueza e as relacións entre os Estados nacionais, de acordo cunha concepción do ser humano como suxeito con dereito á autonomía pero en profunda relación de interdependencia co espazo común que habita. Nesta medida, opóñense á concepción dos mesmos como unha mera atribución individual. Estes dereitos deben ser recoñecidos tanto dende a súa dimensión universal coma dende a súa dimensión singular. A partir desta distinción diferenciamos entre os dereitos universalmente recoñecidos e aqueles que están en proceso de elaboración, ampliación e definición constante pola propia sociedade.

A garantía destes dereitos require dun marco institucional que ha de recoñecer e promover o acceso a unha vida política activa e democrática, o recoñecemento do dereito á participación colectiva e directa como posibilidade real de expresión dun desexo cidadán para poder decidir sobre todo aquilo que afecte de forma significativa á comunidade. Este marco deberá ser tamén plenamente inclusivo. Un marco que asuma que vivimos nun mundo global, e que polo tanto recoñeza o dereito das persoas a migrar e/ou asentarse onde consideren para desenvolver a súa vida o completo. Un marco que á súa vez se faga cargo de que esa vida, a nosa, é interdependente e polo tanto require dun sistema de protección colectiva que comprenda unhas institucións deseñadas co fin de garantir a reprodución social, sen delegar os labores de coidado a determinados grupos sociais, e ao mesmo tempo sen privatizalas ou infravaloralas. Un marco que ademais garanta e amplíe todos os dereitos xa recoñecidos nos actuais marcos constitucións e declaracións de dereitos humanos, e que recoñeza o propio medio-ambiente no que se desenvolve a devandita vida como suxeito de dereitos que merece ser coidado, defendido e mellorado. Este marco debe recoñecer, finalmente, a sociedade mesma como fonte de dereito, e é por iso que se debe considerar aberto e en permanente construción.

Os principios básicos que inspirarán a nova Carta de dereitos co obxecto de dotalo da maior solidez e garantía institucional posibles son:

- Universalidade. Todas as persoas que residan no territorio terán a mesma consideración e acceso aos recursos para o exercicio efectivo dos seus dereitos.

- Singularidade: Recoñecendo que hai realidades, formas de organización e necesidades diversas, consideraranse diferentes modalidades do dereito, tanto na formaespecífica de recoñecemento como nos recursos humanos ou as necesidades económicas, na medida que sexa necesario para garantir a devandita diversidade.
- Non regresividade. Os poderes públicos non poderán, unha vez recoñecidos estes dereitos, interpretalos de xeito restritivo nin os diminuír.
- Igualdade. Dado que todos os dereitos sexan civís, políticos ou sociais considéranse fundamentais para o desenvolvemento da vida das persoas, a relación entre todos debe protexerse e coidarse coas mesmas garantías constitucionais e xurídicas.
- Garantía democrática e multi-institucional. Os dereitos non só deberán ser garantidos por vía xurisdicional senón tamén a través da participación cidadá e organismos extra-institucionais constituídos polos propios titulares dos dereitos. Hase admitir explicitamente a participación social no recoñecemento, ampliación e garantía dos dereitos por medio de institucións de elección directa e de procedementos de intervención cidadá.
- Suficiencia financeira. O desenvolvemento destes dereitos deberá garantirse cos medios económicos que resulten necesarios. Estes medios serán provistos polas medidas de reforma fiscal que se establecen nos seguintes apartados desta Carta.

Finalmente, enténdese que o suxeito de dereitos tamén o é de responsabilidades na medida que forma parte dunha comunidade que se conforma en torno a un proxecto común. Estas responsabilidades esténdense ao medio que habitamos, o que inclúe a responsabilidade de coidalo, protexelo e axudar á súa propia reprodución, que é a nosa. Tal responsabilidade implica a toda a cidadanía pero distribúese de acordo coas diferenzas de riqueza e capacidade.

DEMOCRACIA POLÍTICA

A crise mostrou que as decisións da clase política están cada vez máis suxeitas aos ditados financeiros e, polo tanto, que o goberno democrático está condicionado por intereses privados. Esta situación repercutiu nunha importante crise de lexitimidade e de representación acrecentada por un estado de corrupción continua que pon de manifesto o grave déficit de control democrático existente.

En calquera caso, os límites do sistema político non son recentes, son estruturais. Os problemas pódense resumir en: bipartidismo, gobernos monocor en boa parte das comunidades autónomas, dificultades para crear novas opcións políticas, monopolios mediáticos e, especialmente, enormes atrancos legais para reformar unha Constitución que, por outra parte, non foi referendada pola maior parte da poboación actual.

A isto únese que os partidos políticos, principais actores da vida política, se converteron nunha clase con intereses propios, orientados principalmente á súa propia reprodución. Sen dúbida, os freos institucionais á participación directa dificultan a imaxinación e a constitución dun marco político fundado na intervención directa daxente corrente nos asuntos públicos.

A debilidade da actual democracia maniféstase na desatención ás demandas dos diferentes sectores da sociedade, o que contribúe a aumentar a distancia entre oque as persoas din necesitar e as políticas lexisladas. Esta crecente separación entre gobernantes e gobernados redunda no déficit

democrático dun sistema queprima a gobernabilidade sobre a representatividade e o respecto ás minorías.

Os límites do actual sistema democrático non poden resolverse dende o mesmo lugar de onde xorden. Resulta pois necesario promover a súa refundación co fin de instituír unha verdadeira democracia.

A presente Carta aposta por unha democracia capaz de devolver o poder de decisión á poboación sobre os aspectos fundamentais da vida. Unha democracia baseada na participaciónna vida social e política, que permita decidir en común como queremos vivir. Esta Carta preséntase, así, como unha aposta por un novo acordo político construído de forma aberta e coa participación activa da cidadanía. Un acordo baseado no recoñecemento da capacidade da sociedade para organizarse, crear institucións e gobernarse.

A construción desta democracia require dunha serie de mecanismos áxiles, eficaces e transparentes articulados en distintos niveis e dirixidos tanto a afondar na participación directa coma no control da delegación, vía representación, segundo se considere conveniente.

Algúns dos mecanismos que poderían dar forma ao novo ordenamento político democrático son:

1. Democratización dos poderes públicos.

- Control da representación. Mandatos revogables por unha maioría social e transparencia absoluta tanto nas actuacións dos distintos órganos de goberno coma nas contas públicas. Endurecemento dos controis e delitos relativos á corrupción e desenvolvemento de órganos de control independentes con competencias sobre as diferentes institucións públicas. Límites económicos e temporais aos cargos políticos: límites salariais, un réxime de incompatibilidade antes, durante e despois do cargo e límites efectivos na duración do mandato.

- Democratización do funcionamento interno dos partidos. Transparencia no financiamento dos partidos, así como estrito control nas fontes de financiamento, estatutos internos claramente democráticos e autonomía de voto dos representantes para garantir o pluralismo interno nas organizacións.

- Reforma do sistema de representación electoral. Eliminación da prerrogativa por parte dos partidos da presentación de representantes, modificación do sistema de listas, eliminación da cota mínima de proporcionalidade, mecanismos de recoñecemento e respecto das minorías así como de equilibrio entre os diferentes territorios

- Estes mecanismos de democratización, apertura e control cidadán estenderíanse a outras instancias de representación colectiva como as organizacións sociais, sindicais e os medios de comunicación, en razón das importantes funcións que cumpren na vida pública.

2. Recoñecemento e extensión das formas de participación e democracia directa.

- Recoñecemento e ampliación dos instrumentos de democracia directa como son as iniciativas lexislativas populares, o referendo ou as ferramentas virtuais de participación.

- Recoñecemento de instrumentos de control cidadán sobre todos os ámbitos dos principais poderes do Estado así como sobre as contas públicas. O recoñecemento de tales instru-

mentos require de leis de transparencia e o desenvolvemento de mecanismos áxiles de audiencia pública.

- Recoñecemento doutras organizacións sociais como organismos de control e representación política.
- Desenvolvemento de mecanismos de deliberación colectiva: promoverase o desenvolvemento de metodoloxías, tanto virtuais coma analóxicas, de deliberación democrática que favorezan a toma de decisións compartida. Estes mecanismos serán esenciais para o desenvolvemento tanto de nova lexislación coma dos presupostos.
- Extensión dos órganos de participación directa en todos os ámbitos administrativos e de xestión dos bens públicos e comúns sobre a base dos distintos consellos sectoriais como os consellos de maiores, os consellos escolares, os consellos de saúde, os consellos laborais así como os consellos de barrio e locais, rexionais e interrexionais.

3. A sociedade como fonte última da Constitución e dos poderes do Estado.

- Promoverase un modelo de constitucionalismo aberto que permita a reforma dende abaixo das normas constitucionais, impida as previsibles blindaxes constitucionais, posibilite a iniciativa de reforma á cidadanía e fomente a deliberación permanente.
- Favorecerase e/ou recoñecerase o desenvolvemento autónomo e independente de novas institucións xeradas pola propia estrutura social para a autotutela e o desenvolvemento dos seus dereitos.

O desenvolvemento da democracia política permitirá non só unha separación real e efectiva dos diferentes poderes do Estado, senón tamén o control directo da cidadanía sobre estes. Por esta Carta a xudicatura e os corpos e forzas de seguridade do Estado quedarán tamén sometidos aos mesmos requisitos de transparencia, democratización e control cidadán. Os seus máximos responsables deixarán de ser elixidos polos representantes políticos para ser elixidos directamente pola cidadanía.

DEMOCRACIA ECONÓMICA

Non se pode concibir unha sociedade democrática sen a garantía do sustento material necesario para o desenvolvemento dunha vida digna e politicamente activa. Non se pode concibir unha sociedade democrática sen un acceso igualitario á riqueza.

As disparadas cifras de paro, a precariedade xeneralizada, a espiral de desafiuzamentos, a escravitude por débedas á que se condena a unha gran parte da poboación, a privatización dos servizos públicos, a enorme concentración da riqueza ou a subordinación das economías públicas aos intereses bancarios, apuntan na dirección contraria: desigualdade e subordinación económica da maioría das persoas (o 99%) a uns poucos (o 1%).

A actual democracia, así como as garantías constitucionais nas que se sustenta, foron por completo ineficaces á hora evitar esta situación. Ningún dos mecanismos recollidos na Constitución de 1978 (dereitos sociais, dereitos laborais, iniciativa pública no ámbito económico ou a subordinación da riqueza ao interese social, entre outros) foron capaces de protexer a sociedade dos intereses económicos e financeiros. As políticas neoliberais remataron por impoñerse por enriba de calquera

outro criterio, incluído o ben común. Agora, en plena crise, é cando esta situación de espolio faise máis patente.

Esta Carta proponse recuperar os recursos sociais privatizados e concentrados en poucas mans co fin de poñelos a disposición dun proceso democrático real. Non se acepta, polo tanto, o marco proposto polas políticas de austeridade. Antes ao contrario, nunca antes existiu tanta riqueza, pero poucas veces esta se repartiu tan mal e con criterios tan antidemocráticos e inxustos. É por iso que se require unha completa reconsideración das funcións das políticas económicas co fin de implantar o principio de benestar das poboacións por enriba do beneficio privado, financeiro e corporativo. Trátase do recoñecemento real e non só formal de que as leis do mercado han de quedar supeditadas á función social da economía.

Co obxectivo de promover a democracia económica esta Carta considera cinco piares básicos:

1. Democracia financeira.

A riqueza financeira será considerada como un recurso común sobre o que a cidadanía ha de ter a capacidade e posibilidade de intervir. «Quen regula é a poboación, non o mercado»,
tal é a máxima que inspira este punto. Para iso, estableceranse procedementos de decisión democrática sobre a débeda contraída durante os anos pasados, así como sobre os activos financeiros e inmobiliarios en mans públicas derivados da reestruturación dos mercados financeiros e do sector bancario. A este fin propóñense as seguintes medidas:

- Auditoría Cidadá da Débeda. Esta proposta permite discernir entre aquelas débedas lexítimas e aquelas que non o son. Esta Auditoría articularase como un proceso social de pedagoxía democrática e financeira polo que a cidadanía poida adquirir maior capacidade de decisión e control sobre a economía financeira.

- Creación de institucións de utilidade pública, formadas cos activos financeiros e inmobiliarios resultantes das sucesivas reestruturacións operadas. Estas institucións,
baixo estrito control democrático, servirán á promoción da igualdade económica e do desenvolvemento social.

2. Reforma fiscal.

O obxectivo da reforma consistirá en promover unha ampla redistribución de cargas e beneficios co fin de que á igualdade formal lle corresponda unha igualdade material e real garantida polo acceso aos bens públicos e comúns.

- Principais propostas: a restauración dos principios de proporcionalidade e progresividade tanto para as rendas do traballo coma para os beneficios empresariais, a aplicación de novas taxas á circulación financeira e dos tipos máis altos ás rendas de capital e de patrimonio, a diminución dos impostos indirectos e ao consumo dos bens básicos e a persecución da fraude fiscal. A reforma fiscal virá acompañada de criterios de igualdade e equiparación fiscal así como de solidariedade territorial.

3. Bens público-comúns.

Os procesos privatizadores demostraron que as Administracións Públicas non protexeron os recursos públicos fronte aos intentos de apropiación por parte de intereses privados. A recuperación social destes bens así como a democratización da súa xestión deberá garantir o acceso a estes por parte do conxunto da poboación.

- Terán o estatuto de público-común todos aqueles bens e infraestruturas de interese xeral necesarios para a reprodución da vida, a participación política e o normal funcionamento da economía. Así, son bens público-comúns a educación, a sanidade, a vivenda, a seguridade, os transportes, a información, a xustiza así como os principais bens naturais (auga, atmosfera, chan, mares, costas, ríos e ribeiras, bosques e espazos naturais de importancia ecolóxica e estética), as vías e nodos de comunicación (estradas, vías de tren, portos, etc.).

- Os recursos e sectores estratéxicos da economía como as telecomunicacións, a enerxía ou a riqueza mineral, serán devoltos tamén á condición de bens público- comúns. A administración destes recursos deberá ser sometida a un forte controlpúblico democrático. Revértese así a tendencia á privatización que se impulsou nas últimas décadas.

- Os bens público-comúns non poderán ser alienados ou vendidos polas Administracións Públicas. A súa propiedade é pública-común e polo tanto pertence ao conxunto das persoas que residen no Estado español.

- Os bens público-comúns serán administrados de forma democrática sendo regulados e rexido tanto por mecanismos de participación cidadá como polas comunidades expertas que se requiran para cada caso.

4. Promoción da economía social e da democracia nas relacións económicas

Esta Carta proponse promover a participación das persoas na toma de decisións no ámbito empresarial, especialmente cando isto poida considerarse crucial para o interese común. Así mesmo, a súa actividade económica tenderá a estar subordinada a criterios de rendibilidade integral, é dicir, social, ambiental e económica.

- Favorecerase o desenvolvemento dun novo modelo de empresarialidade baseado nos principios da economía social, o cooperativismo e o respecto ao medio.

- Todas as empresas deberán organizarse progresivamente sobre os seguintes principios: equidade, respecto ao medio, transparencia e desenvolvemento sostible. Deste modo propóñense controis sobre a relación salarial dentro das empresas impedindo os actuais modelos de acumulación especulativa con salarios desorbitados, ao tempo que se poñerán vetos precisos á crecente precariedade laboral.

- Serán recollidos os principios fundamentais do dereito laboral: o dereito a realizar unha prestación de forma libre ou a cambio dunha contraprestación xusta, a protección do traballador en situación de dependencia, o dereito ao descanso e a xubilación así como o dereito á autonomía e á vida digna con independencia do traballo asalariado; e do mesmo modo, o dereito de folga, de sindicación, asociación e reunión.

5. Dereito a unha existencia digna: universalización do acceso e ampliación da protección social e recoñecemento da riqueza común.

O noso actual sistema de Seguridade Social sostense principalmente sobre as contribucións das prestacións laborais e péchase a partir dun criterio de pertenza nacional. As vellas bases do noso sistema de protección social mostráronse así cada vez máis ineficaces e menos incluíntes de garantir o acceso a unha existencia digna. Nun contexto globalizado, no que o emprego se volveu escaso, o traballo non remunerado ha de recoñecerse como unha fonte esencial da produción de riqueza.

É por iso que se require dunha ampliación substancial dos dereitos e suxeitos recoñecidos no actual sistema de protección social segundo un modelo de repartición, inclusividade e garantía á renda que permita unha vida digna para todas as persoas.

Este sistema articularase en torno aos seguintes eixes:

- O recoñecemento do valor da produción social: a produción da riqueza que non se contabiliza no PIB e que se realiza nas tarefas de estudo e investigación, coidado e reprodución social, produción cultural e sostemento de redes sociais, así como tantas outras que realiza o conxunto do corpo social e polas que non recibe forma de pagamento ningunha. Para iso proponse o recoñecemento do dereito á renda e a un sustento mínimo de existencia, a través de medidas como a Renda Básica de Cidadanía.
- A ampliación do sistema de pensións ata niveis dignos e suficientes, como para que os receptores destas poidan gozar dunha vida digna e autónoma.
- As tarefas de crianza e coidado son unha responsabilidade colectiva e requiren do necesario desenvolvemento orzamentario, así como da creación das infraestruturas comúns que sexan necesarias para evitar que este traballo caia de forma exclusiva sobre as familias e fundamentalmente sobre as mulleres.
- O financiamento do novo sistema de garantías será sostido a cargo das medidas de reforma fiscal proposta, especialmente os impostos sobre o beneficio e a circulación financeira, e cada vez menos sobre as prestacións do traballo.

DEMOCRACIA TERRITORIAL

A actual crise económica e financeira puxo en evidencia a debilidade da democracia a todas as escalas, así como a fraxilidade dos mecanismos de repartición da riqueza territorial. Os ditados do goberno financeiro a través de políticas de austeridade estableceron un particular xeografía da desigualdade, precipitando a algúns países e rexións ao abismo económico e social.

O resultado é a importante fractura territorial que se está a abrir tanto a escala europea como no Estado español. En Europa, a ausencia de mecanismos democráticos de intervención e a crise da débeda soberana, están a levar a unha separación cada vez maior entre un centro protexido e unha periferia cada vez máis empobrecida. No Estado español, o forte endebedamento dos muni-

cipios e das comunidades autónomas está a provocar o desmantelamento dos sistemas de protección social, así como a venda de gran cantidade de bens públicos.

En ambos os dous casos, obsérvase unha crecente disolución do principio de solidariedade territorial así como da lexitimidade das institucións de goberno. Isto ameaza cun colapso que só poderá ser abordado mediante unha completa reordenación institucional baseada na democracia e na corresponsabilidade territorial.

Esta Carta propón a discusión un novo acordo territorial a todas as escalas baseado nun modelo radicalmente democrático. Parte do presuposto de que as decisións e a xestión dos recursos e servizos se deben desenvolver no nivel mínimo de unidade territorial, pero tamén que as formas de repartición da riqueza han de estar organizadas de forma común para garantir a equidade entre os territorios.

Desta forma preténdese a equiparación entre estes, compensando as desigualdades que xeran os modelos de competencia territorial.

O novo modelo de acordo territorial será o resultado dun traballo de consulta democrática e cooperación entre as distintas unidades territoriais. Deberá recoñecer a maior pluralidadeposible e formarse a partir do dereito dos residentes en cada territorio a decidir democraticamente a pertenza ou non ás distintas unidades territoriais. A democracia territorial basearase nos seguintes principios.

- Corresponsabilidade e igualdade. A pertenza á asociación política implica a aceptación dunhas normas e constitucións comúns, así como a aceptación da igualdade de toda unidade territorial do mesmo rango. Isto supón a aceptación dunha fiscalidade e un presuposto común suficientes para corrixir as desigualdades sociais e territoriais. O novo sistema impositivo estará baseado na progresividade e na equidade fiscal.

- Subsidiariedade. A xestión dos recursos e servizos así como a decisión sobre os asuntos de interese público deberá ser reducida á unidade mínima territorial na que esta resulte máis accesible para as persoas que alí residan e ás que compete tal xestión ou decisión. Todos aqueles servizos que poidan ser mellor ás escalas territoriais máis baixas serán administrados por estas.

- Autonomía e suficiencia financeira. Cada unidade territorial deberá dispoñer dun presuposto axeitado para a prestación dos servizos que lle competen. Este presuposto será administrado de forma autónoma polos organismos cidadáns e de xestión democrática que para este fin se establecesen. Así mesmo, este presuposto non só deberá estar garantido polos seus recursos propios senón tamén polos mecanismos de compensación territorial que se establezan nas distintas escalas territoriais. A autonomía na xestión do devandito presuposto non eximirá da prestación de determinados servizos así como das obrigas fiscais ás facendas supraterritoriais.

O desenvolvemento institucional das diferentes escalas territoriais desenvolverase a partir dos seguintes principios:

1. Afondamento da democracia política: autogoberno.

- Recuperación e desenvolvemento das áreas de decisión e participación a todas as escalas, partindo de formúlalas xa mencionadas: democratización dos poderes públicos e extensión das formas de participación cidadá e democracia directa.

- De acordo co principio de subsidiariedade tenderase, sempre que así o permita a escala dos procesos e recurso de que se trate, a desenvolver a democracia local e directa á escala máis próxima ás persoas: os municipios e as cidades.
- O proceso de refundación democrática proponse non só a nivel do Estado español, senón tamén para o resto das escalas territoriais.

2. Recoñecemento das distintas escalas e realidades territoriais e solidariedade entre estas.

- As formas de unión política que resulten destes procesos de democratización tomarán como obxectivo o rexeitamento das actuais formas de competencia territorial así como a redistribución da riqueza en todas as escalas, dende os niveis supraestatais ata aqueles que resulten inmediatos ás persoas como os municipios.
- Unión Europea. Establecerase unha verdadeira unión fiscal, presupostaria e bancaria co propósito de tender cara a unha eliminación real das crecentes desigualdades económicas e sociais entre os países e cara ao control dos poderes financeiros.
- O estado español, as actuais comunidades autónomas e calquera entidades territoriais que xurdan dos procesos de constitución territorial. Será aceptado o principio de igualdade fiscal, a existencia dun presuposto conxunto e a redistribución da riqueza segundo métodos equitativos de repartición territorial.
- Municipios. O financiamento e os presupostos ademais de estar sometidos a estritos controis cidadáns, serán garantidos polos mecanismos distributivos establecidos nas escalas máis altas (rexión, Estado e Unión Europea), co fin de que deixen de depender de as rendas de chan e inmobiliarias.

3. Escala europea do proceso.

- No ámbito europeo unha nova constitución deberá garantir todos os dereitos fundamentais en cada unha das partes da Unión, as posibilidades de participación política, as condicións de repartición e distribución da riqueza e unha estrutura política plenamente democrática.
- Caso de non se garantir estes mínimos dende a Unión Europea, os distintos territorios que a compoñen poderían desenvolver novas alianzas territoriais a partir dos seus propios procesos políticos constituíntes co fin de garantir os principios anteriormente expostos e polo tanto a súa propia supervivencia colectiva.